



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE MODIFICA O ANEXO DA RR DE 27 DE AGOSTO DE 2026 DE CONCESIÓN DE BOLSAS ERASMUS+ ESTUDOS AO ESTUDANTADO SELECCIONADO NO MARCO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS + ESTUDOS, CURSO 2026-27

O 27 de agosto de 2026 publicouse a Resolución reitoral de concesión de axudas Erasmus+ ao estudantado seleccionado no marco da convocatoria de prazas de intercambio Erasmus+ Estudos para o curso 2026-27, con inicio da súa estadía no primeiro cuadrimestre de dito curso (R.R. da convocatoria de prazas de 26/11/2025). Na resolución de concesión de 27/08/2026 relacionábase a listaxe do estudantado adxudicatario da bolsa e as contías das axudas concedidas (Anexo I da resolución), e sinalábanse os motivos polos que as contías das axudas poderían verse modificadas, entre os que figuraba a ampliación ou redución da estadía e/ou financiamento adicional por acreditar a condición de estudante con menos oportunidades, por realizar viaxe ecolóxica ou por cambio de destino por causas xustificadas.

En base á previsión anterior relativa á posibilidade de modificación da contía das axudas, trala solicitude de modificación de estadía por parte do estudantado que a continuación se relaciona, contando co conforme da persoa coordinadora da mobilidade correspondente, e ante o informe favorable da directora técnica da Oficina de Relacións Internacionais.

ESTA REITORÍA RESOLVE

- Trala solicitude por parte de Luca Rodriguez Arias, modificar o importe da bolsa concedida a persoa beneficiaria, pola **redución da súa estadía ao primeiro cuadrimestre**, do seguinte xeito:

Apelidos, nome	Destino	País	Periodo	Importe axuda individual por mes	Axuda viaxe	Axuda individual máxima	TOTAL BOLSA MÁXIMO	Pagos 2026	Pagos 2027
Rodríguez Arias, Luca	LT VILNIU S02	Lituania	1º cuadrimestre	250 €	395 €	1.000 €	1.395 €	1.116 €	279 €

- Trala solicitude por parte de Saul Vecina Coello, modificar o importe da bolsa concedida á seguinte persoa beneficiaria, pola **acreditación de bolseiro de menos oportunidades**, do seguinte xeito:

Apelidos, nome	Destino	País	Periodo	Importe axuda individual por mes	Axuda viaxe	Axuda individual máxima	TOTAL BOLSA MÁXIMO	Pagos 2026	Pagos 2027
Vecina Coello, Saul	TR ISTANBU 59	Turquia	Curso completo	500 €	580 €	4.000 €	4.580 €	3.664 €	916 €





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Trala solicitude por parte de Antia Barrio Cabaleiro, modificar o importe da bolsa concedida á seguinte persoa beneficiaria, por cambio do seu destino inicial en Eslovia o seu destino final en Portugal, do seguinte xeito:

Apelidos, nome	Destino	País	Periodo	Importe axuda individual por mes	Axuda viaxe	Axuda individual máxima	TOTAL BOLSA MÁXIMO	Pagos 2026	Pagos 2027
Barrio Cabaleiro, Antía	P PORTO21	Portugal	2ª cuadri mestre	550 €	211 €	2.200 €	2.411 €	1.928,80€	482,20 €

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data de sinatura electrónica
A reitora
Por delegación R.R. 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)
A vicerreitora de Estudantes e Vida universitaria

Mª Dolores González Álvarez

